

Resolución do 9 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai pública a resolución do tribunal que xulgará a proba de acreditación do coñecemento de lingua galega no procedemento selectivo de ingreso ao corpo de mestres na Comunidade Autónoma de Galicia, pola que se anuncian a data, a hora e o lugar en que se fará a dita proba.

De acordo coa base común sexta da Orde do 8 de maio de 2009 (DOG do 11 de maio), pola que se convoca procedemento selectivo de ingreso ao corpo de mestres na Comunidade Autónoma de Galicia, este tribunal, de conformidade coas instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, acorda o seguinte:

Primeiro.-A proba de acreditación do coñecemento da lingua galega terá lugar na data, hora e lugar que se sinalan:

Data: 23 de xuño de 2009.

Hora: 17.00.

Lugar: IES As Fontiñas-Santiago de Compostela.

Recórdase que, de conformidade coa Orde do 8 de maio de 2009, as probas se valorarán como apto ou non apto e quedarán excluídas do procedemento selectivo as persoas non aptas. Finalizada a realización da proba, e unha vez avaliada, os tribunais farán pública a valoración do persoal aspirante no taboleiro de anuncios do centro en que se realizou.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez

Director xeral de Centros e Recursos Humanos

Anuncio do 8 de xuño de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polo que se comunica a publicación das puntuacións definitivas e a relación de excluídos do baremo aberto polo Anuncio do 24 de marzo de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polo que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de procesos e produtos de téxtil, confección e pel (590120), (Diario Oficial de Galicia do 31 de marzo de 2009).

Publicada a lista provisional e resoltas as reclamacións, procede publicar o baremo definitivo e a rela-

ción de excluídos no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, das delegacións provinciais e na páxina web desta consellería.

En consecuencia, esta secretaría xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Facer públicas na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas delegacións provinciais e na páxina web desta consellería (<http://www.edu.xunta.es> profesorado/interinos-substitutos) as puntuacións definitivas e a relación de excluídos do baremo para prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de procesos e produtos de téxtil, confección e pel (590120).

Segundo.-Declarar excluídos definitivamente os aspirantes que figuran no anexo deste anuncio, polas causas que se indican.

Terceiro.-Contra estas puntuacións definitivas poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2009.

José Luis Vázquez Fernández
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

ANEXO

Apelidos e nome	DNI	Causa
Atán Jurjo, Mónica Manuela	33293299-V	Titulación inadecuada
Campos Montero, Esteban	44476679-S	Titulación inadecuada
De la Encarnación Torregrosa, M ^a Victoria	75239685-S	Titulación inadecuada
Fernández Varela, Teresa	33336933-C	Titulación inadecuada
Ferreiro Pena, Paula	34264816-Z	Titulación inadecuada
González Domínguez, Marta	76824090-L	Titulación inadecuada
Graña Fernández, María José	32662356-X	Titulación inadecuada
Lamas Herrero, Eduardo	46917187-Q	Titulación inadecuada
March Gumiel, M ^a Isabel	50439238-P	Titulación inadecuada
Martínez Hormaechea, Ramón	44814460-H	Titulación inadecuada
Silva Iglesias, Ana M ^a	76819412-X	Titulación inadecuada
Simal Campos, Patricia	44081052-B	Titulación inadecuada
Troitiño Rodríguez, Rebeca Josefina	77411141-H	Titulación inadecuada
Veiga Lozano, M ^a Isabel	32677604-D	Titulación inadecuada

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 3 de xuño de 2009 pola que se convoca a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

De conformidade co establecido nos artigos 7.2º b) do V Convenio colectivo único para o persoal da